

O TEATRO GALEGO ENTRE 1936 e 1976: A Xeración dos 50 e o grupo de Ribadavia

A primeira obra dramática publicada na posguerra foi una zarzuela de **J. Trapero Pardo**: *Non chores, Sabeliña!* (1943). Na década do 50 iníciase unha lenta recuperación do xénero dramático, que se divide en tres liñas esenciais:

1. **Teatro vangardista**: nel destacan autores como **Ramón Otero Pedrayo** (*O desengano do prioiro*, 1952, ou *Traxicomedia da noite dos Santos*, 1960). E **Ánxel Fole** (*Pauto do demo*, 1958).
2. **Teatro rexionalista**: na que se inclúen autores como **Trapero Pardo**, **Leandro Carré** ou **Uxío Carré**, que tratan temas costumistas e ruralistas.
3. **Teatro da angustia existencial**: Trátase de obras que reflicten a situación traumática que vive a sociedade durante a ditadura e o consecuente abatemento moral que sofre. Entre os autores destacan: **Xosé Luís Franco Grande**: *Vieiro choído* (1957), **Manuel María**: *O auto do taberneiro* (1957) e **Isaac Díaz Pardo**: *O ángulo de pedra* (1958)

A. O GRUPO DE ENLACE

A denominación Grupo de Enlace, está tomada da lírica. Os autores que a conforman serven de conexión entre a dramaturxia de preguerra e a renovación que dá nos anos 70.

Dentro deles cómpre salientar a un grupo de autores anteriores á guerra como **R. Otero Pedrayo**, quen continúa o seu labor teatral con *Noite compostelá* (1973); **E. Blanco Amor** quen, nas súas obras *Farsas para títeres* (1973) e *Teatro para a xente* (1974), mostra un pulo renovador, un tanto afastado do teatro galego tradicional e máis en consonancia coa produción dramática de Valle Inclán ou Lorca. E **A. Cunqueiro**, quen publica *O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca* (1958), obra na que recrea de xeito moi orixinal a mundialmente coñecida peza de Shakespeare; e *A noite vai coma un río* (1965), obra eminentemente lírica.

Manuel María, cunha dramaturxia de corte popular (*Auto do mariñeiro*; *Auto do labrego*; ambas as dúas de 1961). Tamén escribiu teatro infantil (*Barriga Verde*, 1968) e obras de carácter reivindicativo (*A farsa de Bululú*, 1973)

Outros autores son **Carballo Calero** (*A farsa das zocas* 1963); **Daniel Cortezón**, quen en moitas das súas obras dá a coñecer episodios da historia de Galicia: *Prisciliano* (1970), *Os irmandiños* (1978), *Pedro Madruga* (1981)

Xohana Torres: *A outra banda do Ibero* (1965) Un hotel de primeira sobre o río (1968). As dúas con protagonista feminina e reflectindo a dor que provoca o abandono e a destrución da terra.

Bernardino Graña: *20.000 pesos crime* (1962) vinculada temáticamente á Nova Narrativa, polo tratamento da violencia e as fortes paixóns.

B. OS ANOS 70

As circunstancias socioeconómicas dos anos 60 e 70 propiciaron o rexurdimento das actividades dramáticas. Nesta literatura dramática impera o compromiso político e social coa realidade do país. En 1965 nace o primeiro grupo de Teatro Independente, "**Teatro Circo**", fundado e dirixido por **Manuel Lourenzo**, coa intención de rescatar o teatro das salas convencionais e achegalo ao pobo.

En 1973, a Agrupación cultural **Abrente**, de Ribadavia, convoca a **I Mostra de Teatro Galego**, que se transformou en punto de encontro de agrupacións que propugnaban un uso consciente e único do galego e una ideoloxía nacionalista.

- O grupo Abrente engloba a unha serie de autores cunhas características comúns:
- vinculados ás actividades dramáticas non só como escritores, senón como directores e actores.
 - Impulsaron a profesionalización do sector.
 - Crearon un teatro comprometido coa realidade social e política do país.
 - Exploraron novas formas estéticas incorporando logros da dramaturxia europea.
 - Conseguiron a normalización lingüística da escena.

Entre os autores cómpre destacar a :

Manuel Lourenzo, quen recrea mitos da traxedia grega en *Traxicomedia do vento de Tebas namorado dunha forza* (1978) ou *Electra* (1994). Nas súas últimas obras destaca *Veladas indecentes* (1996).

Euloxio Ruibal, que conxuga as tendencias das vangardas europeas coa tradición galega, en *Zardigot* (1973) e *O cabodano* (1975).

Roberto Vidal Bolaño, dedicado en exclusividade ao teatro, autor de *Laudamuco, señor de ningures* (1976); *Bailadela da morte ditosa* (1980) ou *Saxo tenor* (1991).